

COOPS ASESORA

CATÁLOGO DE
COOPERATIVAS
ASESORÍAS E
CONSULTORAS
ESPAZOCOOP

EspazoCoop é unha **unión de cooperativas galegas** que agrupa preto de 300 cooperativas de distintos sectores. O modelo predominante é o de traballo asociado, que se demostrou como un motor clave no desenvolvemento económico e social en Galicia. Este tipo de cooperativismo permite xerar emprego estable, de calidade e sostible, sendo especialmente relevante en áreas rurais, onde contribúe a fixar poboación e combater o despoboamento. **En Galicia, máis de 12.000 persoas son socias traballadoras de cooperativas de traballo, representando un 4% do total estatal.**

O impacto social das cooperativas reflíctese nos seus valores fundamentais, como a igualdade e a integración social, destacando unha significativa participación feminina: **o 50% das cooperativas de traballo están presididas por mulleres.** Ademais, **EspazoCoop** promove o emprendemento en sectores emerxentes e ofrece apoio integral ás súas socias mediante formación, intercooperación e representación ante institucións. Este tecido social e económico impulsa o desenvolvemento comunitario, consolidando o cooperativismo como un alicerce esencial para o futuro de Galicia.

COOPS ASESORA

Entre as cooperativas de **EspazoCoop** destacan **arredor de 30 do ámbito de asesorías e consultoras**, organizadas nunha sectorial específica que aglutina e que exemplifica o dinamismo e a capacidade de adaptación do cooperativismo ante os desafíos sociais e económicos. A xeración deste grupo de cooperativas específico, amosa como o modelo cooperativo xera rede, coñecemento mutuo e a creación de espazos de colaboración e cocreación. Materializando procesos e proxectos de intercooperación como a **Marca ExpertCoop**. Permitindo dinamizar e consolidar proxectos que combinan estabilidade laboral, xestión colectiva e un firme compromiso coa profesionalidade e prestación de servizos baixo os principios e valores da Economía Social.

Este catálogo pretende ser unha pequena xanela da diversidade das cooperativas Asesorías e Consultoras que alberga Galicia no seo de EspazoCoop.

CATÁLOGO DE
COOPERATIVAS
ASESORÍAS E
CONSULTORAS
ESPAZOCOOP

50PÉS CONSULTORAS

S. COOP. GALEGA

50pésconsultoras

Asesoramento e Formación Empresarial

50pés Consultoras é unha cooperativa de traballo asociado creada en 2020 que ofrece servizos de acompañamento, formación e facilitación empresarial a proxectos colectivos e individuais, con perspectiva feminista, social e comunitaria.

Cunha traxectoria profesional desde 2020, nace da experiencia previa das súas socias fundadoras en ámbitos como a economía social, a igualdade de xénero, a facilitación de grupos e a educación feminista.

Formada por un equipo de dúas persoas socias traballadoras, con ampla traxectoria e formación en economía social, igualdade, facilitación de grupos, emprendemento feminista e elaboración de contidos.

As nosas áreas de actuación son:

- Acompañamento e asesoramento a empresas, persoas emprendedoras e entidades sociais
- Formación e desenvolvemento de capacidades empresariais
- Facilitación de grupos e procesos participativos
- Elaboración de contidos con perspectiva de xénero

Prestamos servizos para cooperativas, entidades da economía social, administracións públicas, asociacións e iniciativas emprendedoras, especialmente aquelas lideradas por mulleres.

Estamos localizadas en Anllóns, A Coruña, e o noso ámbito de actuación abrangue todo o territorio galego, con capacidade de traballo tamén a nivel estatal e en contextos de fala inglesa e portuguesa.

A nosa cooperativa caracterízase por unha aposta decidida pola transformación social desde o feminismo, a economía social e solidaria e a participación. Traballamos desde os coidados, a horizontalidade, a colaboración e a implicación coa comunidade. Apostamos por unha práctica profesional coherente cos nosos principios: uso de bancaética, transparencia, bo goberno, responsabilidade social e ambiental, e unha organización laboral que pon a vida no centro.

 Ponteceso, A Coruña

 678 381 459

 info@50pesconsultoras.com

 www.50pesconsultoras.com

A LANZADA S. COOP. GALEGA



A Lanzada

A Lanzada é unha consultora en turismo sostible e organización de eventos. Cunha traxectoria profesional dende 2025 como cooperativa. Formada por un equipo de 2 persoas socias con ampla traxectoria e formación en turismo.

As nosas áreas de actuación son o asesoramento, desenvolvemento e execución de produtos, experiencias e servizos vencellados ao turismo sostible.

Ofrecemos servizos para a administración pública e empresas.

Estamos localizadas en A Coruña e O Grove, pero o noso ámbito de actuación abrangue a provincia de Pontevedra principalmente.

A nosa cooperativa aposta pola ética, a sustentabilidade e por un impacto positivo do turismo no territorio.

 O Grove, Pontevedra

 600 942 307

 lanzada@alanzada.es

 www.alanzada.gal

ABELURIA S. COOP. GALEGA



Abeluria é unha cooperativa de consultoría fundada en xuño de 2018 por tres profesionais que, tras anos de experiencia nos seus respectivos campos e varias colaboracións conxuntas, decidiron crear un proxecto de autoemprego colectivo.

A súa misión principal é impulsar e consolidar entidades e proxectos de economía social en Galicia, actuando como elo entre as distintas familias e organizacións deste sector.

Formada por un equipo de 4 persoas socias traballadoras con ampla traxectoria e formación en economía social, comunicación e investigación.

As nosas áreas de actuación son consultoría en economía social e empresarial, investigación e comunicación.

Estamos localizadas en Santiago de Compostela, e o noso ámbito de actuación abrangue o territorio galego e nacional.

A nosa cooperativa aposta pola igualdade e a conciliación, e os valores sobre o que se asenta o cooperativismo de axuda mutua, responsabilidade, democracia e solidariedade.

 Santiago, A Coruña

 636 792 073

 info@abeluria.coop

 www.abeluria.coop

ALÉN

S. COOP. GALEGA



Alén nace da visión compartida das socias sobre a necesidade de achegar a sostibilidade ao ámbito local a través de perfís multidisciplinares. É a nosa proposta para ir máis alá na incorporación da sostibilidade nas organizacións.

Somos especialistas en integrar a sostibilidade e a economía circular como vantaxes competitivas nas organizacións, a través de tres eixes: economía circular, impacto local e axenda 2030. Os nosos servizos inclúen:

- Consultoría: acompañamos a organizacións na súa transformación sostible con metodoloxías adaptadas, a través de servizos de diagnose (materialidade, grupos de interese, medición de impacto, obradoiros participativos), estratexia (Plan estratéxico, dirección interim, Plan de transición circular), certificacións (B Corp), memorias e reporting (EINF, GRI, CSRD), certificacións (B Corp) e turismo sostible (programas de transición circular, certificacións).
- Coñecemento: sensibilizamos e capacitamos a equipos e axentes para acelerar a transición sostible, a través de programas a medida, obradoiros, eventos, mentorización e guías.
- Laboratorio: desenvolvemos proxectos de impacto positivo cun enfoque colaborativo, innovador e sistémico.

Contribuímos como expertas en proxectos nacionais e internacionais.

En Alén, tan importante é o que facemos e como o facemos, facendo propios os valores do cooperativismo.

 A Coruña

 698 170 240

 hola@alénlab.com

 www.alénlab.com

ALGALIA S. COOP. GALEGA



A nosa misión é a de contribuír a mellorar a calidade da xestión e dirección no sector da economía social, xerando eficiencia e confianza a través de servizos especializados e integrais.

A visión que temos é a de ser recoñecidos como especialistas en servizos de asesoría e consultoría no sector da economía social en España.

As nosas áreas de negocio son:

- Asesoría especializada para entidades da economía social
 - Xestión contable e fiscal
 - Xestión sociolaboral
- Consultoría organizacional e estratéxica
 - Consultoría estratéxica
 - Consultoría de procesos e calidade
 - Consultoría económica e de medición do impacto social
 - Consultoría no ámbito das persoas
 - Consultoría para a transformación cultural organizativa

Ofrecemos servizos para o sector da economía social, fundamentalmente terceiro sector, cooperativas, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

Temos 30 anos de experiencia na prestación deste tipo de servizos, así como un equipo experimentado e consolidado.

Estamos localizadas en Vigo e Santiago de Compostela, e o noso ámbito de actuación abrangue todo o país.

A nosa cooperativa caracterízase pola honradez, a profesionalidade, o traballo en equipo, a adaptabilidade ó cambio e ó compromiso co sector da Economía Social.

 Vigo, Pontevedra

 986 379 587

 algalia@algalia.com

 www.algalia.com



APOIO S. COOP. GALEGA



Apoio foi fundada en 2012 co obxectivo de impulsar proxectos de innovación social que axuden ás persoas e organizacións a desenvolverse.

Levamos colaborando con máis dun cento de profesionais e continuamos abertos a explorar novas oportunidades de cooperación con quen compartamos visión e obxectivos.

As nosas áreas de actuación son:

- Emprendemento
- Empregabilidade
- Mellora de negocios, colocando ás persoas no centro
- Dixitalización de negocios
- Cooperación transfronteiriza
- Dinamización territorial

Os servizos que prestamos máis habitualmente son:

- Formacións totalmente prácticas.
- Mentorización e acompañamento de proxectos.
- Dinamización de eventos.

Estamos localizados en Verín (Ourense) pero o noso ámbito de actuación habitual abrangue toda Galicia e o Norte de Portugal, realizando tamén actividades ocasionais no resto de España e noutros países da Unión Europea.

A nosa cooperativa aposta pola cooperación como motor de cambio, a innovación aplicada á mellora da vida das persoas, a igualdade de oportunidades, a sostibilidade e a posta en valor do rural como espazo cheo de futuro.

📍 Verín, Ourense

📞 699 954 562

✉️ hablamos@danidieguez.com

🌐 www.apoiio.coop

ARDORA FORMACIÓN E SERVIZOS S. COOP. GALEGA



Ardora Formación e Servizos é unha cooperativa de traballo formada por un equipo multidisciplinar de profesionais das ciencias experimentais e sociais con formación específica e probada experiencia na prestación de servizos de formación e consultoría de proxectos.

Somos unha empresa de economía social, na que prima o traballo de calidade e o desenvolvemento sostible. Cremos na intercooperación e colaboramos habitualmente cunha rede de empresas e profesionais independentes que nos permite acometer proxectos de amplas dimensións.

Levamos máis de vinte anos traballando no asesoramento e mellora da capacitación profesional en sectores produtivos e no apoio a procesos de participación social.

Estamos especializadas no sector marítimo pesqueiro e traballamos tanto en España como noutros países, prestando servizos a entidades públicas e privadas. As nosas áreas de actuación son consultoría e asesoramento, formación e divulgación de proxectos.

Prestamos servizos para entidades públicas e privadas e estamos localizadas en Nigrán-Pontevedra, o noso ámbito de actuación abrangue a Galiza pero tamén desenvolvemos proxectos nacionais e internacionais.

Ardora mergúllase no mundo do mar cunha visión e misión cooperativa, feminista e sostible. Apostamos por un traballo de calidade cos valores da economía social como referente e trasladámola a todos os proxectos que desenvolvemos.

Cremos na igualdade en todos os ámbitos e loitamos polo recoñecemento dun traballo ben feito e con valores que van máis alá do rendemento económico.

Ardora é unha entidade madura e con experiencia, cun proxecto consolidando que foi superando e adaptándose aos novos desafíos e retos en diferentes escenarios tanto internos como externos.

-  Nigrán, Pontevedra
-  986 020 899 / 678 759 079
-  ardora@ardoraformacion.com
-  www.ardoraformacion.com

ASES ASESORES S. COOP. GALEGA



ASES Asesores é unha cooperativa de recente creación que nace da necesidade dos seus membros de ofrecer un servizo de asesoría completo, analizando a xestión dos negocios e ofrecendo plans de crecemento apoiados nas subvencións existentes a través dunha comunicación de proximidade e transparente.

Cunha traxectoria profesional ampla, xa que un dos seus membros leva máis de 30 anos ofrecendo servizos de aseguradora. Agora unha nova xeración cunha experiencia de case 10 anos únese e amplía a área de actuación, abarcando tamén servizos de asesoría a autónomos, PYMES e particulares.

Formada por un equipo de 4 persoas socias con ampla traxectoria e formación. Os seus membros teñen formación en administración de empresas, dereito e relacións laborais, ademais de contar co máster que habilita en xestión administrativa e o certificado para a docencia de grados A, B y C.

Ofrecemos / prestamos servizos en:

- Emprendemento e plans de negocio
- Axudas e subvencións
- Consultoría estratéxica para pymes e emprendedores
- Asesoramento fiscal e contable
- Xestión laboral e de nóminas

Estamos localizadas en Chapela-Redondela, e o noso ámbito de actuación é moi amplo, xa que ofrecemos servizos online en complemento coa atención presencial.

A nosa cooperativa aposta pola comunicación próxima e transparente e a empatía cos nosos clientes. Sabemos as dificultades e medos que pode desencadear o emprendemento, polo que acompañamos aos nosos clientes en todo o que está na nosa man, non solo nos trámites administrativos senón ofrecendo apoio e consellos que impulsen ás persoas a alcanzar os seus obxectivos.

 Redondela, Pontevedra

 687 760 616

 info@asesasesores.com

 www.asesasesoria.com

ATOUPA S. COOP. GALEGA



Atoupa é unha consultoría de innovación social que desenvolve proxectos transformadores de investigación, consultoría e sensibilización para promover o benestar social.

Cunha traxectoria profesional que comeza en 2022, está formada por unha equipa de tres profesionais da socioloxía con formación en políticas sociais e intervención sociocomunitaria e especializados en envellecemento e migracións.

Prestamos servizos de consultoría, investigación social e intervención sociocomunitaria.

Entre as nosas áreas de actuación destacan a promoción do envellecemento activo e saudable e a interculturalidade, así como a igualdade de xénero, os cidadados, o territorio e a socioloxía do traballo.

Con base en Vilalba, actuamos en toda Galicia e buscamos ampliar a nosa influencia a outros territorios.

Os valores que nos guían son o compromiso co rural, o cooperativismo, o rigor e a innovación, a xustiza social con enfoque feminista e interseccional e o coidado das persoas e dos territorios.

-  Vilalba, Lugo
-  672 501 713
-  atoupacoop@gmail.com
-  www.atoupa.com

AVELAÍÑAS S. COOP. GALEGA



Avelaíñas é unha Consultoría Enerxética cunha traxectoria profesional como cooperativa dende setembro de 2024.

Formada por un equipo de 2 persoas socias, ambas con ampla traxectoria e formación como axentes comerciais.

As nosas áreas de actuación son Enerxía: Luz, Gas e Fotovoltaica.

Ofrecemos servizos para Empresas, Industrias e fogar.

Estamos localizadas en Ames, e o noso ámbito de actuación abrangue a provincia e a comunidade galega, pero tamén territorios nacionais e Portugal.

A nosa cooperativa aposta por ofrecer un servizo e prezo óptimo nas mellores comercializadoras.

 Ames, A Coruña

 669 446 036

 consultoras@avelainas.com

 www.avelainas.com

CAORDIC S. COOP. GALEGA

CAORDIC | Towards a regenerative
talent ecosystem

Caordic é unha consultora en cultura organizacional, enfocada na sostibilidade e gobernanza.

Cunha traxectoria profesional como cooperativa dende 2024. Formada por un equipo de 2 persoas socias traballadoras con ampla traxectoria e formación en enxeñería mecánica, finanzas, legalidade e en especial nos acompañamentos sostibles para o desenvolvemento das empresas e negocios.

As nosas áreas de actuación son a consultoría estratéxica para empresas.

Ofrecemos servizos en acompañamento á alta dirección, directivos e equipos.

Estamos localizadas na provincia de Pontevedra, con oficinas no centro de negocios de Porto do Molle en Nigran- Pontevedra, pero o noso ámbito de actuación é a comunidade galega, con proxectos nacionais e internacionais.

Sabemos que liderar unha organización con alma non é sinxelo. As veces avánzase con intuición ou con tensión. O que ofrece Caordic non son solucións prefabricadas, se non procesos personalizados que nacen do diálogo, a escoita profunda e unha visión compartida.

Acompañamos ás persoas, equipos e organizacións a sosteer o seu crecemento con estrutura, eficiencia e sentido.

-  Pontevedra
-  677 071 864
-  info@caordic.es
-  www.caordic.es

CERNE ASESORES

S. COOP. GALEGA



Cerne Asesores é unha cooperativa constituída por un equipo de persoas con ampla experiencia no asesoramento fiscal, contable, mercantil e laboral. Cunha traxectoria de máis de 5 anos como cooperativa e con máis de 25 anos de experiencia acumulada no sector, o noso equipo está formado por 7 persoas socias e 5 traballadoras, comprometidas coa excelencia profesional e a atención personalizada.

As nosas áreas de actuación inclúen o asesoramento integral a autónomos, pequenas e medianas empresas, cooperativas e particulares.

Ofrecemos servizos en materia fiscal, contable, mercantil e laboral, ademais de consultoría para a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

Realizamos tamén representación ante administracións públicas, planificación tributaria, xestión de nóminas, elaboración de contas anuais e adaptación a novas normativas.

Estamos localizadas en Tomiño (Pontevedra) e o noso ámbito de actuación abrangue toda a provincia de Pontevedra e o conxunto da comunidade autónoma galega.

A nosa cooperativa aposta por un modelo de xestión participativo, baseado na confianza, na profesionalidade e na proximidade co cliente. Traballamos cun enfoque colaborativo, ético e sostible, orientado a ofrecer solucións personalizadas e eficaces. A formación continua, a responsabilidade social e o compromiso co desenvolvemento local forman parte da nosa identidade cooperativa.

-  Tomiño, Pontevedra
-  986 622 146
-  susana@cerneasesores.es
-  www.cerneasesores.es



CIDADANÍA

REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS

S. COOP. GALEGA



Cidadanía é unha cooperativa galega que nace impulsada por un grupo da primeira promoción de Ciencias Políticas da USC, coa vontade de fortalecer a participación social nas políticas públicas, a través de procesos de formación, investigación, dinamización e consultaría.

Cunha traxectoria profesional dende o ano 1999, cumprimos 26 anos de proxecto cooperativo.

Formada por un equipo de 5 persoas socias na actualidade, con ampla traxectoria e formación en técnicas e metodoloxías de participación social, coordinación de proxectos, procesos de investigación e planificación estratéxica, destacando nas áreas de igualdade de xénero e loita contra a violencia machista, sector pesqueiro e medio rural, así como o cooperativismo e cooperación, entre outros.

As nosas áreas de actuación son a consultoría, a investigación social, a formación e a dinamización de procesos participativos.

Estamos localizadas en Santiago de Compostela, e o noso ámbito de actuación abrangue o conxunto de Galicia.

A nosa cooperativa caracterízase polos valores definidos entre o grupo de socias e socios, entre os que destacamos o compromiso cara unha sociedade máis xusta; a alegría como motor de transformación social; a liberdade, onde a creatividade xoga un papel importante; e a cooperación, asumindo os principios cooperativos nas nosas prácticas laborais e persoais.

-  Santiago, A Coruña
-  981 589 269
-  cidadania@cidadania.coop
-  cidadania.coop

DALLE QUE DALLE

S. COOP. GALEGA



Dalle que Dalle é unha entidade sen ánimo de lucro definida como centro de innovación social no que desenvolvemos numerosos proxectos nas áreas sociais, medioambientais e de formación e asesoramento empresarial.

Cunha traxectoria profesional dende 2014, naceu como coworking en Vilagarcía de Arousa e continúa a ser un centro de referencia para a cooperación empresarial e a dinamización de proxectos colectivos.

Formada por un equipo de 3 persoas socias, mulleres con ampla traxectoria e formación en administración e xestión, psicoloxía e bioloxía. Un equipo multidisciplinar que traballa para integrar diferentes perspectivas para ofrecer os mellores resultados.

As nosas áreas de actuación son diversas, pois como centro de innovación social traballamos en diferentes proxectos innovadores para poñer a vida no centro, establecer o diálogo social necesario e a sensibilización dos principais axentes chave para acadar o obxectivo dun desenvolvemento sostible.

Ofrecemos servizos para administracións e entidades nas áreas de formación para a cidadanía, inclusión social e igualdade de xénero e tamén en formación para o emprego. No tocante ás empresas, ofrecemos servizos de mentorización e consultoría para desenvolver ideas de negocio, implantar plans de sostibilidade e ODS, e aluguer de espazos.

Estamos localizadas en Vilagarcía de Arousa, e o noso ámbito de actuación abrangue toda a Comunidade autónoma.

A nosa cooperativa aposta por un desenvolvemento sostible económico, social e medioambiental.

 Pontevedra

 639 346 443

 hola@dallequedalle.com

 www.dallequedalle.com

DESPUNTE

DISEÑO E INGENIERÍA

S. COOP. GALEGA



Despunte é unha oficina técnica especializada en servizos de deseño 3D e enxeñaría. Cunha traxectoria profesional dende 2021, realizamos proxectos que combinan tecnoloxía e creatividade.

Formada por un equipo de 2 persoas socias enxeñeiras con ampla traxectoria en deseño 3D, desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos e consultoría para a innovación.

As nosas áreas de actuación son industria, cultura e educación.

Prestamos servizos de deseño 3D para comunicación técnica, realidade aumentada, impresión 3D e electrónica.

Estamos localizadas en Teo/Santiago de Compostela, pero traballamos 100% en dixital e o noso ámbito de actuación non está limitado territorialmente.

A nosa cooperativa aposta polo achegamento da tecnoloxía a proxectos de todas as escalas, cun enfoque consciente e sostible.

 Teo, A Coruña

 644 022 054

 info@despunte.com

 despunte.com

EGALITARIA S. COOP. GALEGA



Egalitaria é unha consultora de igualdade.

Cunha traxectoria profesional dende Outubro de 2024.

Formada por un equipo de 2 persoas socias con ampla traxectoria e formación en igualdade, administración de empresas e xestión de proxectos.

As nosas áreas de actuación abarcan a consultoría e auditoría en igualdade de xénero, a formación especializada en diversidade, a elaboración de plans de igualdade, protocolos de prevención do acoso, campañas de sensibilización, organización de eventos e o deseño de proxectos con enfoque de xénero, incorporando ademais innovación dixital como e-learning, gamificación e intelixencia artificial para potenciar o impacto das nosas intervencións.

Ofrecemos servizos especializados en igualdade de xénero para empresas privadas, administracións públicas, organizacións do terceiro sector e tamén para persoas autónomas ou particulares que necesiten asesoramento neste ámbito.

Estamos localizadas en Cerdedo-Cotobade, e o noso ámbito de actuación abrangue principalmente a provincia de Pontevedra.

A nosa cooperativa caracterízase por unha firme aposta pola igualdade, a xustiza social e a participación democrática. Cremos nun modelo de traballo colaborativo, baseado na confianza mutua, a corresponsabilidade e o compromiso co ben común. Defendemos a transformación social a través da educación, a innovación e a acción colectiva, sempre desde unha perspectiva feminista, inclusiva e sostible. Estes valores son o alicerce da nosa identidade e da calidade dos servizos que ofrecemos.

 Cerdedo-Cotobade, Pontevedra

 653 790 899

 egalitaria@egalitariaconsultoria.com

 www.egalitaria.es

ENXAME S. COOP. GALEGA



Enxame é unha consultora social para o desenvolvemento local, centrada no deseño, planificación, implantación e avaliación de políticas públicas, plans e programas sociais, en colaboración con entidades locais e outras administracións. Os nosos servizos céntranse na mellora da calidade de vida das persoas e das comunidades: estudos sociolóxicos, proxectos sociocomunitarios, formación para o emprego, orientación laboral e emprendemento, e mediación civil, mercantil e familiar.

Cunha traxectoria profesional dende 2023, traballamos para importantes entidades como a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, o Concello de Ferrol, o Concello da Capela, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, a Confraría de Barallobre ou a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES).

Formada por un equipo de 3 persoas con ampla traxectoria e formación en diversos campos como son a socioloxía e as ciencias políticas, emprendemento e economía social ou a dinamización comunitaria.

As nosas áreas de actuación son estudos e investigación social, intervención sociocomunitaria, asistencia técnica en políticas públicas, formación para o emprego, mediación comunitaria e participación cidadá.

Prestamos servizos para a tramitación e xustificación de subvencións; elaboramos memorias técnicas e de planificación estratéxica, así como estudos de mercado e estudos sociais con perspectiva sociolóxica (saúde mental, economía circular...); impartimos formación en emprendemento, economía social ou dinamización comunitaria; facilitamos a mediación en conflitos sociais, laborais e comunitarios a través de procesos colaborativos e deseñamos proxectos de participación social.

Estamos localizadas na Capela, e o noso ámbito de actuación abrangue todo o territorio galego.

A nosa cooperativa é, de feito, unha empresa familiar, polo que nos sentimos identificadas con valores de confianza, respecto e apoio mutuo, proximidade, flexibilidade, xenerosidade, compromiso compartido e orgullo polo que facemos.

 Ares, Pontevedra

 653 790 899

 info@enxame.gal

 www.enxame.gal

FYLSEM ASESORES S. COOP. GALEGA



FYLSEM Asesores é unha asesoría de empresas e persoas autónomas.

Cunha traxectoria profesional desde 2013.

Formada por un equipo de 2 persoas socias traballadoras e unha persoa asalariada.

As nosas áreas de actuación son o asesoramento á empresas, persoas autónomas e particulares.

Ofrecemos asesoramento fiscal e contable para a creación e consolidación de empresas e pequenos autónomos, así como a prestación de servizos para levar a cabo as súas obrigas fiscais.

Estamos localizadas en Porriño (O) - Pontevedra , e o noso ámbito de actuación abrangue principalmente a comarca onde estamos.

A nosa cooperativa caracterízase por axudar aos clientes dentro das nosas posibilidades. Gústanos ser solidarios e xustos cos servizos que ofrecemos.

-  O Porriño, Pontevedra
-  986 119 009 / 604 059 026
-  asesores@fylsem.es
-  www.fylsem.com



GÁLICA CONSULTORÍA E FORMACIÓN S. COOP. GALEGA



Gállica Consultoría e Formación somos unha cooperativa cunha traxectoria profesional dende 2016, dedicada á consultaría empresarial de calidade e a formación persoal.

Formada por un equipo de 3 persoas socias máis o persoal asalariado e unha rede de colaboradores con ampla traxectoria promovendo e apoiando o desenvolvemento profesional e persoal dos nosos clientes nas diferentes áreas que precisen .

As nosas áreas de actuación son a consultoría en xestión de calidade no servizo ou produción, a prevención de riscos laborais, a sostibilidade e medio ambiente, a igualdade e formación en temas relacionados con esas áreas.

Prestamos apoio e servizo a administracións públicas, entidades privadas, fundacións, asociacións ou particulares.

Estamos localizadas en A Coruña, e o noso ámbito de actuación abrangue toda Galicia e colaboracións puntuais no resto do país.

A nosa cooperativa caracterízase por prestar asistencia de consultoría á empresa privada e á administración, compartindo o noso proxecto profesional e participando no dos nosos clientes.

Temos como obxectivo fundamental traballar para ofrecer solucións innovadoras e creativas, que permitan aos nosos clientes ser máis eficientes e cumprir con todos os requisitos derivados dos seus sistemas de xestión e das distintas normativas de aplicación.

 A Coruña

 981 141 188

 galica@galica.org

 www.galica.org

INTERPYME ASESORES S. COOP. GALEGA



Interpyme Asesores é unha asesoría dedicada principalmente a prestar servizos de fiscal, contabilidade e laboral para empresas.

Cunha traxectoria profesional de máis de 20 anos.

Formada por un equipo de 4 persoas socias, e unha plantilla media de 8 persoas asalariadas, con ampla traxectoria e formación.

As nosas áreas de actuación son a xestión fiscal, contable e laboral para empresas, pero tamén servizos de administración a profesionais e particulares tales como rendas ou transferencias de vehículos.

Os nosos servizos están orientados para pequenas e medianas empresas.

Estamos localizados en Cangas do Morrazo, e o noso ámbito de actuación abrangue a comunidade galega.

Apostamos por dar un servizo de calidade e de preto cos cliente, atención personalizada e áxil.

-  Cangas, Pontevedra
-  986 305 394
-  interpyme@interpyme.es
-  interpyme.es



LAREGA S. COOP. GALEGA

LAREGA
Cooperativa para a transformación social

Larega é unha consultaría de políticas públicas especializada na economía social. Cunha traxectoria profesional dende 2024.

Formada por un equipo de 2 persoas socias traballadoras con ampla traxectoria e formación en economía social, políticas públicas innovadoras, goberno local e marketing, comunicación e consultoría política.

As nosas áreas de actuación son dende e para o local, colaborando con administracións públicas, entidades sociais e axentes do territorio, especialmente no rural galego e en contornos con retos demográficos, sociais e económicos.

Ofrecemos servizos para impulsar o desenvolvemento local e dinamizar os territorios para fixar poboación, crear emprego digno e establecer comunidades máis inclusivas.

Estamos localizadas en Pontedeume, e o noso ámbito de actuación abrangue á comunidade de Galicia.

A nosa cooperativa aposta por unha economía centrada nas persoas, baseada na xustiza social, a inclusión, a colaboración e o compromiso co territorio.

-  Pontedeume, A Coruña
-  698 143 168 / 675 646 536
-  info@larega.coop
-  www.larega.coop

MEDATLANTIA CONSULTORIA EUROPEA S. COOP. GALEGA



A cooperativa foi constituída en 2015 por un grupo promotor inicial formado por tres socios. En 2018, produciuse un relevo completo no equipo promotor, entrando as dúas actuais socias. As súas socias achegan unha mirada profesional e comprometida, cunha combinación de experiencia en políticas públicas, innovación social e metodoloxías participativas, mantendo sempre unha perspectiva feminista e cooperativa.

As nosas áreas de actuación abranguen a consultoría especializada na tramitación de financiamento público, especialmente europeo, e o desenvolvemento de proxectos con impacto social, ambiental e territorial. Ofrecemos servizos profesionais de apoio técnico a entidades públicas, cooperativas, organizacións da economía social, universidades e centros de investigación. Acompañámolas en todo o ciclo do proxecto: identificación de oportunidades de financiamento, formulación e presentación de propostas, execución técnica, xustificación económico-administrativa, avaliación e comunicación. Ademais, deseñamos e executamos proxectos propios cando detectamos necesidades no territorio. Traballamos ámbitos como a economía circular, a inclusión social, o liderado feminino, o desenvolvemento rural, o emprendemento con apoio e o turismo sustentable.

Estamos localizadas na Coruña, pero o noso ámbito de actuación é galego, estatal e europeo. Temos experiencia de traballo con entidades de máis de 12 países.

A nosa cooperativa caracterízase por unha práctica diaria dos principios da economía social e solidaria: igualdade, cooperación, axuda mutua, responsabilidade, equidade e solidariedade.

Apostamos por un modelo de traballo horizontal, flexible e centrado nas persoas. Desenvolvemos metodoloxías propias como os itinerarios de liderado participativo ou os living labs rurais, sempre integrando accesibilidade, participación e innovación social real.

Entendemos a intercooperación como unha estratexia central para o cambio, e participamos activamente en redes como EspazoCoop ou Coop57.

En MedAtlantia non vendemos servizos pechados: escoitamos, adaptamos e creamos desde cero con coidado, humor e compromiso co territorio. O noso obxectivo é facer da consultoría unha ferramenta útil para mellorar a vida das persoas e fortalecer as entidades coas que colaboramos.

-  A Coruña
-  622 163 218
-  info@medatlantia.eu
-  www.medatlantia.eu

OUTONÍA S. COOP. GALEGA



Outonía é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro mobilizada desde e para os territorios rurais, que presta servizos socioeducativos de forma prioritaria a través de tres eixos de intervención: a educación non formal e acompañamento, a consultaría e a investigación e innovación social.

Cunha traxectoria profesional dende 2021. Formada por un equipo de 4 persoas socias traballadoras – 2 educadoras sociais, 1 psicólogo, 1 filóloga – con ampla traxectoria e formación en políticas de igualdade e bo trato, mediación cultural - territorial, participación social e dinamización comunitaria. Así como na intervención individualizada e acompañamento psicolóxico en materia de saúde mental e sexualidade integral.

As nosas áreas de actuación son a educación non formal e o acompañamento, a consultaría social e a innovación e investigación social. Prestamos servizos para a administración, o terceiro sector, asociacións e outras entidades sociais, centros educativos e ou fundacións e empresas privadas.

Estamos localizadas en catro territorios de montaña e pre-montaña O Incio, Quiroga, A Veiga e Manzaneda, e o noso ámbito de actuación prioritario abrangue as ruralidades de Lugo e Ourense, e a comunidade galega, aínda que realizamos intervencións e colaboracións noutras áreas de todo o estado español.

A nosa cooperativa aposta pola integración dunha perspectiva de ruralidade integral que modula e configura a xestión de cada proposta. Sobre esta base, con independencia da proposta, Outonía eríxese sobre cinco piares:

- Igualdade e diversidade
- Sustentabilidade ambiental
- Pedagogías alternativas
- Ética dos coidados (persoa, relacións, comunidades e territorio)
- Participación e desenvolvemento comunitario

📍 Quiroga, O Incio, A Veiga,
Manzaneda, Ourense, Lugo
☎ 622 834 218 / 622 834 250
622 834 164
✉ info@outoniacoop.gal
🌐 www.outoniacoop.gal

REXENERANDO S. COOP. GALEGA

**rexene
rera
ndo** | *S. Coop.
Galega*

Rexenerando é unha cooperativa sen ánimo de lucro do ámbito da intervención social e cultural, afincada en Ferrolterra desde 2014. Está formada por un equipo de cinco persoas que compartimos mirada e valores, apostando por construír unha alternativa de traballo digna para nós e para as redes coas que cooperamos.

As nosas áreas de actuación son participación social e facilitación de grupos; igualdade, diversidade e dereitos LGBT+; e cultura, memoria e lingua. Levamos a cabo proxectos artesanais, pensados desde e para cada contexto, coidando o proceso e integrando aos colectivos apelados a través da participación, incorporando de maneira transversal a mirada de xénero, o respecto polo que nos rodea e a sustentabilidade.

Prestamos servizos de consultoría para administracións públicas. Tamén de acompañamento e formación a entidades do terceiro sector, comunidades educativas e público en xeral interesado nas nosas áreas de traballo.

Estamos localizadas en Ferrol, e o noso ámbito de actuación abrangue sobre todo a provincia da Coruña, aínda que traballamos en todo o territorio galego e nalgúns proxectos fóra del.

-  Ferrol, A Coruña
-  604 033 515
-  info@rexenerando.com
-  www.rexenerando.com

SIMBIOSIS **S. COOP. GALEGA**



Simbiosis é unha cooperativa de traballo asociado cunha traxectoria profesional dende novembro de 2012. A nosa equipa esta formada por dúas socias traballadoras, unha socia en excedencia, unha traballadora e un socio colaborador. Levamos máis de unha década formando e asesorando a empresas e particulares sempre co compromiso dunha formación práctica e de calidade.

Servizos de formación:

- Formación en calidade e seguridade alimentaria e etiquetado alimentario para produtores primarios, industria alimentaria, comercio de alimentación, hostalaría.
- Formación online con cursos sobre veterinaria, gandería, alimentación, sanitarios e outras áreas de interese para empresas, profesionais e particulares. Cursos acreditados con CFC (créditos de formación continuada) para profesións sanitarias.
- Entidade organizadora de formación programada para empresas bonificada a través de Fundae (Fundación Estatal para la formación en el Empleo).
- Estamos localizadas na Coruña, mais a nosa formación é online, polo que o noso ámbito de actuación abrangue todo o territorio galego e estatal.

Servizos de asesoría e consultoría:

- Asesoramento en etiquetaxe alimentaria, seguridade alimentaria e lexislación do sector alimentario.
- Xestoría e asesoría fiscal laboral e contable para cooperativas, incluíndo a confección de libros e contas anuais así como a súa presentación.
- Desenvolvemento e participación en proxectos de formación para a inclusión, a igualdade e a inserción laboral, así como en proxectos de divulgación e promoción de produtos de proximidade e da pesca.
- Accións de promoción do cooperativismo e economía social.

Servizos editoriais:

- Actividade editorial, publicamos ebooks didácticos e divulgativos de calidade. Elaboración de guías e manuais para profesionais e consumidores.

Somos unha cooperativa de traballo asociado, fundada e integrada por mulleres, baseada nos valores cooperativos de axuda mutua, responsabilidade, participación democrática, igualdade, equidade e solidariedade. Participamos en proxectos de formación que favorecen o emprego de calidade, a inclusión e a conciliación, reducindo desigualdades e creando oportunidades.

Simbiosis representa o mellor que cada unha de nós pode aportar ao proxecto común. Sempre buscamos novas colaboracións e alianzas para seguir medrando e temos interese na intercooperación.

 A Coruña

 617 054 303

 formacion@cooperativasimbiosis.com

 www.cooperativasimbiosis.com

TAGEN ATA

LINGUA E COMUNICACIÓN

S. COOP. GALEGA



Cunha traxectoria profesional de 2003 e mais de 20 anos.

Formada por un equipo de 4 persoas socias traballadoras e colaboradoras habituais con ampla traxectoria e formación en: formación de oferta e demanda, consultaría TIC, edición contidos, plataformas, traballo coa administración (formación e adaptación de contidos).

As nosas áreas de actuación son

- Formación de demanda e oferta para persoas ocupadas
- Consultaría TIC
- Edición contidos e plataformas de formación

Ofrecemos servizos para:

- Empresas
- Administración

Estamos localizadas en Ferrol, e o noso ámbito de actuación abrangue a nivel nacional

A nosa cooperativa caracterízase pola:

- Aposta da innovación educativa
- Achegar a tecnoloxía á cidadanía
- Apostar polas empresas de economía social e talento local

- Ferrol, A Coruña
- 881 939 142 / 604 007 435
- administracion@tagenata.com
- www.formacionenrede.com
www.tagenata.com

TERRA&GANDO CONSULTORES S. COOP. GALEGA



Terra & Gando Consultores é unha cooperativa de traballo asociado cunha traxectoria profesional dende Novembro de 2024.

Formada por un equipo de dúas persoas socias traballadoras, con ampla traxectoria e formación en tramitación de PAC e subvencións de todo tipo.

As nosas áreas de actuación son principalmente o sector vencellado á agricultura e gandería, administración e servizos dixitais e seguros .

Ofrecemos os nosos servizos para agricultores e gandeiros principalmente ou para administración relacionada co sector.

Estamos localizadas en Lalín , e o noso ámbito de actuación abrangue a comunidade autónoma de Galicia.

A nosa cooperativa caracterízase por:

- Cooperación e solidariedade: traballo en equipo e apoio mutuo entre os socios
- Compromiso co territorio: enfoque no desenvolvemento rural sostible e no impulso do sector agrario local
- Transparencia e responsabilidade social: boa práctica na xestión de axudas, licenzas, seguros e trámites administrativos
- Profesionalidade e orientación ao cliente: asesoramento agrícola, legal, laboral e técnico con metodoloxías axeitadas

 Lalín, Pontevedra

 604 451 361

 terraegando@gmail.com

 www.terraegando.com

XEDEGA **S. COOP. GALEGA**



Xedega é unha asesoría e consultoría, cunha traxectoria profesional dende 1997.

Formada por un equipo de 3 persoas socias con ampla traxectoria e formación en asesoramento fiscal, contable, laboral e organizativo/estratéxico.

As nosas áreas de actuación son principalmente o asesoramento na viabilidade económica e financeira de proxectos empresariais en cooperativas de traballo asociado, axudándolles a cumprir as súas obrigas fiscais, contables e laborais. Tamén prestamos servizos de xestión de trámites de axudas e subvencións.

Estamos localizadas en Vigo, e o noso ámbito de actuación abrangue a toda a comunidade autónoma de Galicia.

A nosa cooperativa aposta por un asesoramento personalizado e de proximidade.

 Vigo, Pontevedra

 986 430 404

 juan@xedega.com

 www.xedega.com



XIAMA S. COOP. GALEGA



Xiama é unha asesoría de empresas.

Cunha traxectoria profesional dende 1987, formada por un equipo de persoas socias con ampla traxectoria e formación en contabilidade, fiscalidade, laboral e mercantil.

As nosas áreas de actuación son servizos administrativos e de asesoramento, que prestamos a todo tipo de empresas, principalmente para a economía social e a empresas en xeral.

Estamos localizadas en Xinzo de Limia, e o noso ámbito de actuación abrangue todo o territorio nacional.

A nosa cooperativa caracterízase por un bo asesoramento e eficacia na xestión, obtendo un valor engadido para o cliente final.

-  Ourense
-  619 469 798
-  anxo@xiama.es
-  www.xiama.es



COOPS ASESORA

CATÁLOGO DE COOPERATIVAS ASESORÍAS E CONSULTORAS
ESPAZOCOOP

SETEMBRO 2025

